



PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA  
[premiosdacriticagalicia@gmail.com](mailto:premiosdacriticagalicia@gmail.com)  
[www.premiosdacriticagalicia.org](http://www.premiosdacriticagalicia.org)

## **BASES DOS PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA 2026**

PRIMEIRA. Os **Premios da Crítica de Galicia** institúense coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos que cada ano cristalicen en achegas relevantes para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

SEGUNDA. Os **Premios da Crítica de Galicia** abranguen dez modalidades:

### **CREACIÓN LITERARIA.**

Considéranse participantes aquelas obras de narrativa, poesía, ensaio, textos dramáticos e banda deseñada, incluíndo a creación literaria infantil e xuvenil, publicadas en lingua galega entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

### **INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA.**

Considéranse participantes aquelas obras que, resultado dunha investigación contrastada e rigorosa naquelas áreas de coñecemento cubertas por matemática, física, química, bioloxía, ciencias da saúde, xeoloxía, ciencias da computación e todas as variantes de enxeñaría e ciencias técnicas, fosen publicadas entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**, ou tamén aqueles desenvolvementos ou fitos tecnolóxicos presentados no mesmo período. O xurado valorará aqueles traballos de autoría maiormente galega ou liderada dende Galicia cuxos resultados fosen de alta repercusión para Galicia ou nos que exista unha vinculación do obxecto da investigación co noso país.

### **INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES.**

Considéranse participantes aquelas obras, traballos ou desenvolvementos que, resultado dunha investigación contrastada e rigorosa en ciencias sociais e humanidades, fosen publicados ou comunicados entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**. O xurado valorará de forma prioritaria traballos publicados en lingua galega, o que non se considera excluínte se o obxecto da investigación fose de alta repercusión para Galicia.

### **MÚSICA.**

Considéranse participantes aqueles traballos de composición, interpretación, compilación musical editados en formato de partituras, discos ou comunicados publicamente en Internet entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**. Consideraranse tamén as composicións e

obras musicais estreadas nese período e os labores interpretativos nos que concorran características que lles confiran unha recoñecida proxección ao longo do mesmo período. Outrosí, poderán recoñecerse todas aquelas iniciativas que ao longo do ano contribuísen de xeito relevante á promoción da música na sociedade galega. Así mesmo, consideraranse todas aquelas persoas que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro ou fóra de Galicia **un fito destacado na música durante o ano 2025**.

#### **INICIATIVAS CULTURAIS E CIENTÍFICAS.**

Considéranse participantes aqueles feitos ou labores de xestión que, emprendidos por persoas, asociacións, empresas, entidades ou todo tipo de institucións, destacasen na defensa, pulo ou espallamento da lingua, da cultura e dos dereitos culturais ou da ciencia galegas e que, podendo ser consecuencia dunha traxectoria iniciada con anterioridade, **permanecesen viventes durante o ano 2025**.

#### **ARTES PLÁSTICAS.**

Considéranse participantes aqueles traballos de pintura, escultura, ilustración, fotografía, arquitectura e deseño que fosen realizados, presentados en exposicións ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**. Así mesmo, consideraranse todas aquelas persoas que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro ou fóra Galicia **un fito destacado nas artes plásticas durante o ano 2025**.

#### **ARTES ESCÉNICAS.**

Considéranse participantes aqueles traballos de teatro, danza, maxia, circo e as súas formas híbridas, estreados de forma presencial ou virtual entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**. Así mesmo, consideraranse todas aquelas persoas e artistas do eido das artes escénicas que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro ou fóra de Galicia **un fito destacado durante o ano 2025**.

#### **CINE E ARTES AUDIOVISUAIS.**

Considéranse participantes aqueles traballos de cine e televisión estreados ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**. Así mesmo, consideraranse todas aquelas persoas, artistas, comunicadoras ou iniciativas arredor do eido do cine e televisión que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro ou fóra de Galicia **un fito destacado durante o ano 2025**.

#### **CULTURA DIXITAL.**

Considéranse participantes aqueles traballos e iniciativas arredor da cultura dixital, como a creación e produción de contido dixital en galego para redes, de videoxogos, podcasts, aplicacións..., publicados ou comunicados en calquera canle entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**. Así mesmo, consideraranse todas aquelas persoas e entidades do eido da cultura dixital, que contando cunha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecesen dentro ou fóra de Galicia **un fito destacado durante o ano 2025**.

### **CULTURA GASTRONÓMICA.**

Considéranse participantes aquelas iniciativas de cultura gastronómica desenvolvidas entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**. Así mesmo, consideraranse todas aquelas persoas e entidades do eido da cultura gastronómica que, contando cunha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro ou fóra de Galicia **un fito destacado durante o ano 2025**.

TERCEIRA. O xurado de cada unha das modalidades terá competencia exclusiva para establecer os criterios de valoración (calidade, incidencia social, oportunidade, novidade...) de cada unha das candidaturas participantes. Con todo, **o recoñecemento da excelencia e da relevancia para a cultura galega** que ofrezan as achegas a considerar, deberá ser a guía sobranceira no seu proceso de avaliación. Así mesmo, naquelas manifestacións culturais que precisen da intervención do idioma este será o galego.

CUARTA. As persoas que formen parte de cada un dos xurados serán designadas pola asociación PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA entre aquelas recoñecidamente solventes en cada un dos eidos aos que atinxe cada unha das modalidades. Os membros do xurado non poderán ter relacións de autoría ningunha coas candidaturas participantes na súa modalidade, comprometéndose a aceptar as presentes bases.

QUINTA. O **xurado de cada modalidade** compoñeráse de **sete persoas con voz e voto**, entre as que se incluírá unha secretaria vinculada á asociación PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA. A secretaria fará circular a información que se fose solicitando entre as candidaturas presentadas, convocará as reunións do xurado (sexan presenciais ou virtuais) e levantará acta dos acordos adoptados en cada unha delas.

SEXTA. O premio será único e indivisible en cada unha das modalidades, **podendo quedar deserto**, se así o considera o xurado. As decisións finais de cada un dos xurados, que serán inapelables e adoptadas por maioría de votos, tomaranse se as condicións sanitarias o permiten nunha sesión de traballo presencial que se celebrará en Vigo o mesmo día do ditame.

SÉTIMA. Todas as producións que se consideren participantes en cada unha das modalidades **poderán ser presentadas** polos súas autoras e autores, editoras, produtoras ou promotoras ás secretarías dos xurados **antes do 4 de setembro de 2026**. Así mesmo, cada un dos membros dos xurados poderá presentar cantas candidaturas considere oportunas para a súa valoración polo resto dos membros.

OITAVA. Os ditames de cada unha das modalidades daranse a coñecer no decurso dun acto que se celebrará en Vigo o sábado **17 de outubro de 2026**.

ADICIONAL: PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS. Ao abeiro do establecido na base sétima, a presentación das candidaturas polos súas autoras e autores, editoras, produtoras ou promotoras realizarase, **antes do 4 de setembro de 2026**, dirixindo un correo electrónico a: [premiosdacriticagalicia@gmail.com](mailto:premiosdacriticagalicia@gmail.com).

**Galicia, 25 de abril de 2026**